



COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS
DENTAIS DE GALICIA

26 de xaneiro de 2021

REXISTRO SAÍDA Nº 9

NOTA INFORMATIVA Nº 1/2021

O pasado 2 de decembro de 2020, a Comisión de Saúde Pública, do Ministerio de Sanidade, aprobou o documento onde se contempla a estatretixa de vacinación fronte á COVID-19. Neste documento, Sanidade estableceu os grupos prioritarios para a primeira etapa:

1. Residentes e persoal sanitario e sociosanitario en residencias de persoas maiores e con discapacidade.
2. Persoal sanitario de primeira liña.
3. Outro persoal sanitario e sociosanitario.
4. Persoas con discapacidade que requiren intensas medidas de apoio para desenvolver a súa vida (grandes dependentes non institucionalizados).

Estas directrices xeraban algunhas dúbidas nos grupos 2 e 3 que se solventaron na actualización do documento de 22 de decembro. Así, cando se refería a **persoal sanitario de primeira liña** puntualizouse que será “*persoal de primeira liña no ámbito sanitario e sociosanitario*”. Segundo a actualización da estratexia de vacinación COVID-19, considérase **persoal de primeira liña** “*o que ten maior risco de exposición por levar a cabo actividades a atención directa de pacientes COVID (contacto estreito e con maior tempo de exposición), así como por ter maior probabilidade de ter contacto cunha persoa con infección por SARS- CoV2*”.

É dicir, o **persoal do ámbito sanitario** que traballa de fronte ao paciente —incluídos os que desenvolven outras funcións distintas á prestación de servizos sanitarios, como administrativo, limpeza, voluntariado, estudantes—, nos seguintes ámbitos:

- Unidades, consultas ou circuitos COVID, como servizos de admisión, urxencias, atención primaria, institucións penais, unidades móbiles e calquera especialidade que reciba pacientes agudos).
- Servizos de coidados intensivos ou outras unidades que asuman estas funcións en caso necesario.
- Calquera servizo de coidado non intensivo onde se realicen procedementos que poidan xerar aerosois.
- Servizos e unidades con pacientes de alto risco (Oncoloxía, Hematoloxía, etc.) e onde se tomen ou manipulen mostras que poidan conter o virus.

- Persoal dos equipos de vacinación, incluíndo a aquelas persoas de saúde laboral e medicina preventiva que van participar na administración das vacinas fronte a COVID19.

En canto ao **persoal do ámbito sociosanitario**, inclúe o persoal que traballa en centros de atención a persoas maiores e de risco, *“pero diferentes aos residenciais aos que fai referencia o grupo 1”*. Neste sentido, o documento especifica que as persoas que traballan de forma estreita con persoas de risco nos seus fogares (maiores, persoas dependentes, enfermos, etc.) vacinaranse no grupo 4. Neste grupo non se inclúen os cuidadores non profesionais (familiares, conviventes...)

O **grupo 3, outro persoal sanitario ou sociosanitario**, fai referencia a *“aquelas persoas que non están incluídas na categoría de primeira liña (grupo 2) que traballan en centros e establecementos sanitarios e sociosanitarios, pero nesta primeira etapa a vacinación centrarase soamente no persoal que de maneira específica realiza actividades que esixen contacto estreito con persoas que poidan estar infectadas por SARS- CoV-2, é dicir, en función do risco de exposición e transmisión”*.

- **Segundo o establecido na Estratexia de vacinación, os laboratorios de prótese dental, estarían incluídos no GRUPO 3.**

Con data de 22 de xaneiro de 2021, a Comisión de Saúde Pública aprobou a **actualización 2 da Estratexia de vacinación** na que se recomenda que se debe continuar vacinando ás persoas da primeira etapa: residentes e persoal sanitario e sociosanitario que traballa en residencias de maiores e de atención a grandes dependentes, persoal de primeira liña no ámbito sanitario e sociosanitario, outro persoal sanitario e sociosanitario e persoas consideradas grandes dependentes que non estean institucionalizadas.

O mesmo documento establece que dentro do grupo doutro persoal sanitario e sociosanitario priorizarase aos profesionais do ámbito hospitalario e de Atención Primaria non considerados de primeira liña. Tamén se vacinará ao persoal de Odontoloxía, hixiene dental e outro persoal sanitario que atende sen máscara durante máis de 15 minutos. Ademais, indica que o persoal sanitario e sociosanitario que non se inclúe na etapa 1 poderá vacinarse na etapa 2 de maneira prioritaria, dentro das categorías *“persoal esencial de primeira liña” ou “outro persoal esencial”*.

Tendo en conta o anterior, por parte do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia, procedeuse á remisión dunha comunicación ao Servizo Galego de Saúde, no que se solicitou a confirmación do encadramento dos laboratorios de protese dental dentro do Grupo 3, así mesmo que se informe a esta Corporación o sobre o plan de vacinación que se levará a cabo na comunidade de Galicia e informe igualmente a este Colexio sobre o procedemento que se levará a cabo cando o colectivo de protésicos dentais sexa chamado para o subministro da vacina.

Un saúdo
Secretaría Técnica C.O.P.D.G.

